

EDUCA DANDO ÁS

Ideas para que a participación na aula e no centro educativo contribúa a desenvolver o máximo potencial de cada estudante



EDUCA DANDO ÁS

Observar o desenvolvemento de unha persoa dende que dá os seus primeiros pasos na educación infantil ata que finaliza a secundaria é case máxico. Eses anos que pasan dende que alguén é case un bebé ata que é practicamente adulto están cheos de experiencias, aprendizaxes e cambios profundos. Cando a educación contribúe ao máximo desenvolvemento do potencial de cada estudante, contribuímos a darlle ás.


A Convención sobre os Dereitos do Neno di no seu preámbulo que os nenos, nenas e adolescentes deben prepararse para unha vida independente en sociedade. O exercicio do dereito á participación é fundamental para logralo. Un enfoque educativo de educación en dereitos da infancia que incorpora procesos de participación auténtica contribúe a afianzar a identidade do alumnado, a impulsar a súa confianza e senta as bases de valores como a responsabilidade, a cidadanía

global, a democracia, o espírito crítico e o respecto aos demais.

Estas competencias non poden esperar á idade adulta para se desenvolver: senón as impulsamos desde os primeiros anos da escola, o noso alumnado pode perder a fiestra da oportunidade que ten na súa infancia e na súa adolescencia para as desenvolver.

Se o que queremos é construír sociedades libres democráticas, nas que o respecto ao outro e a responsabilidade impulsen a convivencia, debemos animar aos nenos, nenas e adolescentes a participar, facilitándolle ferramentas, espazos na súa contorna, inclusive a escola.

Participando, aprendemos a dialogar como iguais, a compartir e a ser responsables, superándonos a nós mesmos. A participación forma persoas fortes e con ás.



UTILIZAR ESTE CADERNO COMO ROADMAP!

Este caderno foi deseñado para que poidades imprimilo, total ou parcialmente, e colocar as follas impresas nun lugar visible na sala do profesorado. Deste xeito, pode servir como un gui3n para a incorporaci3n de actividades de participaci3n infantil na actividade escolar ao longo do curso. Cada p3xina responde a unha pregunta espec3fica sobre a participaci3n dos nenos e os seus contidos ampli3anse en li3a en www.unicef.es/gal/educa/participacion. Implicar a toda a comunidade escolar no logro do dereito 3 participaci3n dos nenos.



QUE É A PARTICIPACIÓN INFANTIL?

Todos sabemos que é participar, pero o seu significado e o valor educativo que aporta quizais non sexan tan evidentes: Participar axúdanos a asumir responsabilidades, a adquirir independencia e a desenvolver o noso máximo potencial na vida. Non privemos ao noso alumnado desta oportunidade!

Un dereito da infancia



O dereito á participación inclúe o dereito a opinar libremente nos asuntos que lle afectan, a liberdade de expresión,

a liberdade de pensamento, conciencia e relixión, a liberdade de asociación, o acceso á información, e o dereito á protección da vida privada. A Convención sobre os Dereitos do Neno recoñece a nenos, nenas e adolescentes como cidadáns de pleno dereito: non son os cidadáns do futuro, son os cidadáns do agora e, como tais, poden e deben participar.

Unha ferramenta educativa



O exercicio cotián da participación permite desenvolver competencias educativas clave

para o desenvolvemento de unha vida independente en sociedade: competencias de negociación, expresión, autoconecemento, empatía, respecto, apreciación da diversidade, traballo en equipo, resolución de conflitos...

Un impulso ao clima escolar



A través da participación infantil e adolescente, toda a

comunidade educativa pode avanzar en algúns dos elementos que caracterizan un bo clima escolar: a existencia de relacións positivas, o senso de pertenza, a seguridade emocional, sentimentos de aceptación, percepción de equidade, fomento do respecto...

PARTICIPACIÓN = RESPONSABILIDADE

Aprender a participar é aprender a ser responsable. Cando dende a escola e en función da idade, os nenos e nenas participan nos asuntos que lles afectan adquiren competencias relacionadas coa asunción de responsabilidades e avanza no desenvolvemento paulatino de unha vida independente que lles permita, pouco a pouco, formar parte activa da sociedade con independencia de criterio e plena responsabilidade.

QUE NON É A PARTICIPACIÓN INFANTIL? Sobre a participación existen mitos que non son verdade. Son as fake news da participación infantil. Descúbreas en www.unicef.es/gal/educa/participacion

QUEN PODE PARTICIPAR?

Calquera neno, nena e adolescente pode tomar parte en procesos de participación infantil. Non importa a súa idade, nivel de desenvolvemento, capacidades, personalidade, rendemento académico... A participación é un dereito e é para todos!




Educación infantil: coñecer as preferencias

Unha primeira fase do desenvolvemento das competencias de participación está no desenvolvemento da noción de "preferencia". Que preferimos? Que prefiren os outros? Saber que as preferencias de cada persoa son importantes e que temos liberdade para expresalas, aínda que non sempre podamos conseguilas, permite sentar as bases de coñecementos, actitudes e competencias clave para desenvolver a competencia cidadá.

Educación primaria: Aprender a convivir e a traballar en equipo

Nesta etapa educativa é crucial desenvolver as competencias relacionadas co traballo en equipo: convivencia, respecto ao outro, tolerancia ao erro, e resolución de conflitos. Ao longo de toda a educación primaria, é posible desenvolver estas e outras competencias a través da participación en proxectos de aula e de centro que favorezan formas de participación infantil cada vez máis complexas.



Educación secundaria: preparación para a vida independente

Esta etapa é clave para o desenvolvemento do senso da responsabilidade. A participación en distintas actividades do centro educativo e da comunidade, incluído o asociacionismo, permite aos rapaces avanzar no fortalecemento da súa independencia, senso crítico e na asunción das responsabilidades que lles corresponden sobre o resultado, positivo ou negativo, dos proxectos das que toman parte.

O IMPORTANTE É PARTICIPAR!

Participar non é "estar presente" ou "asistir"; ao participar planificamos, organizamos, coordinamos, debatemos, decidimos, executamos, avaliamos... É nese sentido no que a participación infantil e adolescente ten un verdadeiro valor educativo. Ademais, o resultado si importa: un exercicio de participación no que os participantes non se comprometen co resultado, avalíano, e se responsabilizan na procura de melloras, non é un exercicio de participación real. Na medida das capacidades e grao de desenvolvemento do noso alumnado, podemos procurar fórmulas de participación auténtica.

POR ONDE COMEZAMOS?

Comezar procesos de participación infantil e adolescente pode dar un pouco de vertixe ao principio. Que é o primeiro que se debe facer? A resposta é fácil: querer facelo!

PREGUNTAS CLAVE



Por que queremos iniciar procesos de participación?
Temos informado ben á comunidade educativa?
Estamos comprometidos co proceso e cos resultados?

“Querer es poder”

Se temos clara a importancia da participación infantil e queremos introducir procesos participativos na vida escolar, xa demos o primeiro paso. Lograr que a comunidade educativa no seu conxunto entenda e apoie a participación infantil e adolescente é un requisito necesario para que as nosas iniciativas teñan éxito.

E despois?

Hai algúns aspectos prácticos que non podemos deixar para moi tarde cando abordamos proxectos que implican a participación do alumnado. É importante poñernos coas mans á obra rapidamente en:

- Na planificación de espazos e tempos de participación
- Na selección das formas de participación mais adecuadas.
- En facer participe a cada estudante dende as primeiras fases do proxecto en función das súas capacidades e madurez.



DESCOBRE MÁIS. Coñece máis ideas, propostas e ferramentas de participación infantil en www.unicef.es/gal/educa/participacion

ESTAMOS PREPARADOS?

A participación infantil nos centros educativos depende máis das vontades que dos recursos físicos que, sendo importantes, non determinan tanto os resultados como a existencia de unha cultura escolar aberta á participación, á diversidade e á pluralidade de visión.

SE NO VOSO CENTRO...

- ✓ **Traballades polo dereito á educación de todo o alumnado, sen excepción.**
- ✓ **Credes no poder educativo de enfocar as vosas accións dende unha perspectiva de dereitos de infancia.**
- ✓ **Organizades e planificades en función das necesidades e características do alumnado.**
- ✓ **Fomentades a participación de toda a comunidade educativa, promovendo un diálogo igualitario.**
- ✓ **Mantedes altas expectativas para todo o alumnado, independentemente das súas características ou circunstancias persoais.**
- ✓ **Considerades a diversidade de opinións como un valor que enriquecéenos a todos.**

...ESTADES PREPARADOS!

O que importa na verdade

Alguns aspectos que poderían pasar desapercibidos teñen un gran impacto na participación, mentres que outros que poderían parecer moi determinantes, non o son tanto:

Importante para a participación

- Existencia de tempos e espazos.
- Permeabilidade do centro á contorna e ao contexto social.
- Flexibilidade organizativa.
- Modelo de participación interna (claustro, familias...)
- Formación docente.
- Planificación.
- Creatividade.

Non é tan importante

- Tamaño do centro.
- Titularidade do centro.
- Idade do alumnado.
- Diversidade de competencias no alumnado.
- Sistemas de agrupamento.
- Calendario e xornada escolar
- Recursos económicos




CLAVES DE UNHA PARTICIPACIÓN XENUÍNA. Como saber se unha iniciativa de participación escolar é efectiva?
Descúbreeo a través do test dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/participacion

QUE TEMOS EN CONTA?

A participar aprendemos participando: tanto para as persoas adultas como para os nenos e nenas, este é un proceso paulatino que nos vai dotando de coñecemento e ferramentas segundo imos avanzando. A participación require de espazos seguros e inclusivos, de liberdade para expresarse e de escoita respectuosa. Ademais, é importante que se concrete en accións, debater non chega. Ao iniciar o proceso de participación infantil e xuvenil é importante ter en conta estas 4P:


As 4P

Ao iniciar o proceso de participación infantil e xuvenil é importante ter en conta estas 4P:



Progresividade:

- A capacidade de participar evoluciona pouco a pouco coa idade: a complexidade do proceso debe ser paralela ao desenvolvemento madurativo.
- As iniciativas de participación introdúcense pouco a pouco na escola, comezando con proxectos menos ambiciosos e avanzando paulatinamente có tempo



Paciencia

- A participación é un proceso, non unha acción illada.
- Non produce resultados inmediatos na mellora do clima, na cultura escolar ou nas competencias do alumnado.



Protección

- A participación implica exposición ao xuízo doutros
- Hai que seguir unhas normas moi claras, especialmente cando participan á vez nenos e adultos



Promoción

- Comunicar as iniciativas de participación a toda a comunidade educativa, darlles visibilidade e responder ás posibles dúbidas con claridade.
- Unha boa comunicación axudará a motivar a todos os participantes e pode dar enerxía ao proxecto.

“O xogo invita á participación”
(Brian Goodwin)

PROTEXER OS DEREITOS DOS PARTICIPANTES. Protexer os dereitos de quen exercen o seu dereito a participar é un requisito de todo proceso de participación infantil. Coñece algunhas claves en www.unicef.es/gal/educa/participacion

SOBRE QUE ASUNTOS PARTICIPAMOS?

Algunhas cuestións son máis aptas para nenos que outras: xa sexa pola súa dificultade, polos seus contidos ou polo interese que esperten neles. Sen embargo, ás veces apartamos á infancia de debates que poden ser aptos, comprensibles e interesantes para eles. Por que non incluílos? Cando dubidamos sobre que temas abrir á participación do alumnado, podemos utilizar este funil de decisión:



A Convención di que, en función da súa idade e madurez, os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a expresar a súa opinión libremente en...

...todos os asuntos que lles afectan.


COMO PARTICIPAMOS?

A forma máis básica de participación infantil é a consulta, de alí podemos pasar á participación colaborativa e, no chanzo máis alto, a participación liderada polo alumnado.

Algunhas ideas para introducir a participación na aula e no centro educativo:

- Caixa de suxestións
- Cortiza de ideas, taboleiro de anuncios
- Enquisas
- Consulta aberta
- Equipos de base e de aprendizaxe cooperativo
- Comités de alumnos ou mixtos con outros membros da comunidade educativa.
- Radio, periódico ou blogue escolar
- Organización de eventos
- Asemblea de alumnos
- Consello de participación
- Consello de estudantes
- Comité de conflitos
- Redacción dunha "Carta do estudante"
- Participación no código de conducta
- Posta en marcha dunha aula de solidariedade
- Designación dun coordinador/a de participación no centro

**"O traballo
comeza dando a
palabra aos nenos"**
(Francesco Tonucci)



POR QUE QUEREN PARTICIPAR? A participación supón un esforzo e unha responsabilidade para nenos, nenas e adolescentes. Non son máis felices alieos a estas complicacións? Coñece as razóns polas que queren participar en www.unicef.es/gal/educa/participacion.

SABER MÁIS

Recursos para coñecer máis sobre a participación infantil e xuvenil e metodoloxías para incorporala ao día a día escolar.




Participación infantil nos centros escolares

Esta guía de educación en dereitos e cidadanía global de UNICEF aborda aspectos clave da incorporación de procesos participativos nas dinámicas de centro, describindo os seus fundamentos e beneficios e aportando ideas e estratexias para ser unha escola participativa. Descárgala en: www.unicef.es/gal/educa/participacion

Entendendo a participación infantil

Elaborada pola asociación “Los Glayus” en colaboración con UNICEF, esta guía desenvolve ideas, estratexias e dinámicas para traballar a participación infantil paso a paso. Descárgala en: www.unicef.es/gal/educa/participacion



Bases para un debate sobre a participación infantil no ámbito local

Concebida dentro do ámbito de Cidades Amigas da Infancia, esta guía contén propostas para a participación infantil e xuvenil no ámbito local que poden ser adaptadas no ámbito educativo. Descárgala en: www.unicef.es/gal/educa/participacion

unicef.es/educa/participación Os contidos deste documento encóntranse ampliados na web, onde poderás coñecer máis sobre a participación infantil como aspecto da educación en dereitos da infancia.

DESCÁRGAOS. Podes atopar estes e outros documentos útiles sobre a participación infantil en: www.unicef.es/gal/educa/participacion

CELEBRA O DÍA DA INFANCIA

Este 20 de novembro o Día da Infancia coincide coa celebración do 30 cumpleaños da Convención sobre os Dereitos do Neno. A oportunidade única para que os estudantes se apropien da celebración: Por min e por todos os meus compañeiros!



CDN30^{ANOS}
CONVENCIÓN SOBRE
OS DEREITOS DO NENO

1. Anima a túa aula a elixir un tema que lles preocupe especialmente e que queiran reivindicar no día da infancia. Podedes facer unha consulta na aula e elixir mediante votación o problema específico sobre o que queredes traballar. Con que dereito da infancia relaciónase o problema que elixistes?


2. Descarga en www.unicef.es/gal/educa/participacion "Por min e por todos os meus compañeiros: 6 pasos para cambiar o mundo desde a miña aula," un caderno

con 6 fichas con pautas e ideas para desenvolver na aula unha acción en relación ao problema que queredes abordar. Ides celebrar unha festa? Unha campaña? Unha marcha? Utilizade os esquemas e apoios metodolóxicos do caderno para preparar un evento entre todos.

3. A semana do 20 de novembro é o momento para desenvolver o traballo que realizastes. Dádelle difusión para que todo o mundo coñeza a vosa celebración!

GOTAS PARA TODOS!

Participar nas carreiras de gotas é máis que correr: é unha oportunidade de reivindicar o dereito á auga de todos os nenos e nenas de este planeta. Desenvolve cos teus alumnos e alumnas ideas para facer de este evento unha auténtica festa polo dereito de cada neno e cada nena a un medio ambiente saudable. O Día da Auga, o Día da Terra, e o Día do Medio ambiente son oportunidades no terceiro trimestre para poñerse en marcha.



IES Fray Bartolomé de las Casas

Edición

UNICEF Comité Español
www.unicef.es/educa

Diseño gráfico: Rex Media SL

Ilustracions: As ilustracións das páxinas 2, 6 e 10 veñen do vídeo animado "Alas", feito por Beeround para UNICEF.

Traducción: Raquel Malvido González

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sostíbel e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español. Os feitos e opinións amosados neles non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

Este material foi producido no marco do convenio coa Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español." O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

UNICEF traballa nos lugares máis duros do mundo para chegar aos nenos, nenas e adolescentes máis desfavorecidos e para protexer os dereitos de toda a infancia, en todas partes. Presentes en 190 países e territorios, facemos o que sexa necesario para axudar aos nenos a sobrevivir, prosperar e desenvolver o seu potencial, desde a primeira infancia ata a adolescencia. E nunca nos rendemos. O traballo de UNICEF finánciase integramente a través das contribucións voluntarias de millóns de persoas en todo o mundo e dos nosos aliados en gobernos, a sociedade civil e o sector privado.

Esta publicación foi creada baixo unha licenza Creative Commons Atribucion-NonComercial-SinDerivar 4.0 Internacional, salvo para aqueles contidos nos que expresamente se define outro tipo de licenza

**FINANCIA:****COLABORA:**